

# A NATUREZA NA LITERATURA

## ELEMENTOS ECOLÓXICOS NA OBRA DO

### "IRMÁN DANIEL" (IV)

Emilio Xosé Insua



O "Libro Primeiro" do **Sempre en Galiza** de Castelao encerra aínda moitas máis referencias de índole ecoloxista que as citadas na anterior entrega da nosa sección.

Os problemas da formación agromónica e a necesidade de dotar o país dunha mesta rede de Centros técnicos de investigación e experimentación agrícola, forestal e pecuária ocupan o interese do rianxeiro en varios parágrafos.

Na súa opinión, Galiza necesitaba instalacións e proxectos como a "Misión Biolóxica" impulsada por Cruz Gallástegui para coñecer meridianaamente os sistemas e as variedades de cultivo que máis conviñan á súa agricultura, á que urxia aumentar a cualidade e cantidade dos seus produtos. Non valía, segundo Castelao, seguir coñecementos, técnicas e consellos de presunta validez universal ditados por profesorado de escolas agrarias formados fóra do país e suxeitos, moitas veces, aos intereses das casas comercializadoras de determinados adubos ou de determinadas sementes: "*pol-o de agora un labrego galego sabe moitísimo máis de agricultura galega que un eminente profesor formado fora de Galiza*".

Exemplificará o autor de **Cousas** o seu aserto co caso das patacas Ragi, recomendadas en todos os prospectos e en todas as escolas de agricultura do Estado español: as investigacións da

"Misión Biolóxica" pontevedresa demostraran sobre o terreno que, entre máis de setenta variedades de pataca, as Ragi eran as menos produtivas nuns solos como os nosos...

Tiñan que ser cando menos catro, sinala ademais Castelao, os Centros técnicos que pulasen polo desenvolvemento agrícola da Galiza: un dedicado ás herbas e prados; outro dedicado á viticultura; outro á arboricultura e horticoltura e, finalmente, outro versado sobre plantas anuais de grande cultivo. Cada un deste centros produciría as sementes, facilitaría-lle-las aos labregos, ensaiaría adubos, formaría capataces, organizaría cátedras ambulantes e, mesmamente, fomentaría a creación de cooperativas. Alén disto, o de Rianxo propugnaría a constitución dun organismo permanente "*con dirixentes ben preparados, social e técnicamente, tales como capataces de control leiteiro, paradistas de sementas, divulgadores de rexímenes de alimentación, técnicos que estuden e divulguen a fabricación de queixos e manteigas, e orgaizadores de cooperativas gandeiras*".

Por outra banda, cando no capítulo XXXII Castelao se poña a soñar nunha Galiza futura próspera e en paz, libre de "*vezos rutinarios, de pleitos cativos e de cobizas ruíns*", con nenos a comeren pantrigo con mel e manteiga, en casas limpas e hixiénicas, debuxará unha panorámica económica guiada por vectores ecolóxicos, cun discurso realmente adiantado ao seu tempo, pois está aínda hoxe de total actualidade, sen lugar a dúbidas: respecto pola natureza, explotación racional dos recursos naturais, diversificación dos sectores produtivos, aproveitamento das especificidades e especializacións determinadas polo medio xeográfico e natural, etc.:

"(...) *Vexo os montes repovoados e cobertos de piñeiras. Vexo grandes fábricas de pasta de papel e de produtos derivados do leite.*

*Vexo Centros de investigación e de experimentación agropecuaria. Vexo*

*piscifactorías, Laboratorios costeiros i Escolas de pesca (...)*

*Vexo a explotación mecánica das nosas canteiras de granito. Vexo a nosa artesanía renascida e superada.*

*Vexo Sindicatos produtores de semente, rexidos por xenetistas experimentados. Vexo pazos para albergar as Cooperativas, mellores que en Dinamarca.*

*Vexo enormes criadeiros de mariscos. Vexo o trafego dun grande porto pesqueiro (o máis importante de Europa). Vexo cangar barcos con peras urracas e mazás tabardillas.*

*Vexo, en fin, unha Terra farturenta, onde todos traballan e viven en paz. Vexo a miña Terra como unha soia cibdade, a cibdade-xardín máis fermosa do mundo, a cibdade ideal para os homes que queiran vivir a carón da Natureza*".

Na mesma liña, introducirá Castelao como cabo do "Libro Primeiro" do **Sempre en Galiza**, finalmente, tres afiches para louvar as fontes básicas da riqueza galega: a árbore, a vaca e o peixe. Estes afiches compuxera-os na época das propagandas pró-estatutistas previas ao golpe fascista do 36 e aparecen agora dedicados á memoria do martirizado Alexandre Bóveda, secretario de organización do Partido Galeguista. Neles combina Castelao, entreveradas con alusións a motivos que tiña xa plasmado artisticamente noutras obras, imaxes e metáforas de grande beleza plástica con argumentacións de índole económica, apelos ecolóxicos con manifestacións de anti-capitalismo, expresións de índole relixiosa con acusacións concretas contra o Estado unitario e centralista español. O estilo sintético e ao tempo poético destes afiches dota-os dunha forza expresiva realmente sen parangón na literatura propagandística galega da época.

Eses afiches, que paga a pena reproducir integralmente, din así:

## "O ALBRE

O albre é o símbolo do señorío espiritual de Galiza.

O albre é un engado dos ollos, pol-a súa fremosura; é unha ledicia dos ouvidos, porque n-él cantan os paxaros; é un arrolador do esprito, porque nas súas ponlas conta contos o vento.

O albre danos a froita, que é un manxar composto pol-o mesmo Creador, para regalía do noso paladar: o derradeiro ben que nos quedou do Paradiso perdido.

O albre pídelle auga ao ceo para que a terra teña sangue, vida e bonitura.

O albre danos a sombre fresca no verán e a quentura garimosa no inverno.

O albre danos as traves, o sobrado e as portas da casa. Danos a cama, o almario das sabáns e a arteisa do pan. Danos o berce, o báculo da vellez e a caixa para baixar á terra.

O albre danos o papel barato que nos trae a descotío as novas do que pasa no mundo.

Val máis unha Terra con albres nos montes que un Estado con ouro nos Bancos.


A calvicie dos montes galegos é unha terrible acusación contra o Estado unitario.

Os albres son as minas galegas que nós saberemos esplotar cando a nosa Terra sexa nosa.

A repovoación forestal será o patrimonio da nación galega e o mellor aforro da coleditividade.

Na nosa Terra danse os mellores albres.

O día que seipamos o que val un albre, aquel día non teremos necesidade de emigrar".



## "A VACA

A vaca é o símbolo da paz.

Val máis o que siñifica unha vaca que o que simboliza un león rampante. Xa o dixo un dos nosos economistas: O albre xenealóxico d-unha vaca de leite é máis útil que o albre xenealóxico d-un aristócrata.

A vaca esqueceuse dos cornos e danos o seu traballo, o seu leite, a súa carne, o seu coiro e a carne e o coiro dos seus fillos. Non-os pode dar máis.

O can será o amparo dos ricos, que defende a propiedade do amo e ladra aos probes que van pol-os camiños. En troques a vaca é o amparo dos probes libres.

Os concuros de vacas leiteiras valen máis que os concursos de Belleza.

A nosa vaca ten o pesebre en Galiza e os tetos en Madrid. E o que non lle dá de comer a unha vaca non ten dereito a muxila.

As señoritas que choran pol-a morte d-un can ridículo non comprenden a door d-unha familia labrega cando se lle morre unha vaca.

Se non fose pol-o leite das vacas a piolleira das cibdades morreríase desnutrida. A vaca é a amia de cría da Humanidade.

O día que nós emitamos papel-moeda non estaremos n-el o retrato dos políticos, nin dos sabios, nin dos artistas; estamaríamos, somentes, a figura d-unha vaca, como símbolo da nosa economía humanamente distribuída.

O día que Galiza sexa unha comunidade cooperativa ergueremos un gran moimento c-unha vaca en bronce dourado.

Tamén hai razas de vacas, e a mellor é a nosa.

O día que seipamos o que val unha vaca, Galiza quedará redimida".



## "O PEIXE

O peixe é un dos símbolos de Cristo.

O peixe é a prata do mar feita carne.

Cada peixe ten a sustancia do seu mar. O peixe do Mediterráneo sabe a carne civilizada e xa decadente. O peixe do Atlántico (un mar terriblemente salvaxe) sabe a sal de vida libre.

O peixe galego trai nas frebas da carne as mellores esencias do Océano.

Cánto custa criar un kilo de carne de vaca! En troques a carne de peixe críase sin cuidados nen gastos.

A pesca era un traballo nobre e xeneroso. Por algo Xesús de Nazaret escolleu, para seus apóstolos, a doce mariñeiros. Mais agora péscase con dinamita...

Cando naufragaba unha lancha morría o patrón xunto cos compañeiros. Agora o patrón chámase armador e nunca morre afogado, porque xa non vai ao mar.

A pesca en Galiza ennobrecese de novo cando retorne ás maneiras coleditivistas da nosa tradición mariñeira, fondamente afincada no cristianismo ¡O que queira quiñóns que xogue a vida no mar!.

O Fisterre galego (a punta máis avanzada de Europa) fíxose para pescar.

A xente da Meseta sóio coñece as mómias da sardiña, en ataúdes de folladelata ou en tambores de madeira. O día que teñamos un gran porto pesqueiro e vías de transporte lixeiras e baratas, toda Hespaña comerá peixe fresco.

A Hespaña que morre de carne de porco revivirá pol-a carne de peixe galego.

O día que Galiza sexa nosa, os mariñeiros vivirán na fartura".

